

MOCIÓN Nº1 DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ SOBRE A INVASIÓN RUSA EN UCRAÍNA, A CANALIZACIÓN DE AXUDAS E ACOLLIDA DE REFUXIADOS

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de Via Alfoz presenta a seguinte **MOCION** para o seu debate no **PLENO**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Tal e como é coñecido o pobo ucraíno está a sufrir unha invasión bélica no seu territorio por parte de Rusia. Son numerosas as imaxes nos medios de comunicación nas que se ve a nenos e nenas e as súas familias marchar das súas casas cara os países da contorna escapando da guerra.

Varios concellos da bisbarra xa se ofreceron para acoller refuxiados e o noso municipio tamén cumpre as condicións óptimas para tal fin. Entre outras virtudes, dispón de vivendas de titularidade municipal baleiras, como as casas dos mestres da Pinguela e de Adelán, así como outros locais susceptibles de seren habilitados a tal efecto, e conta con prazas nos seus centros educativos.

Ademais, é coñecida a solidariedade da veciñanza de Alfoz polo que, dende a corporación municipal, debemos apoiar ao máximo estas actitudes. De todos é coñecido que moitas veces, cando queremos cooperar con causas solidarias, sentimos a desconfianza de que a nosa axuda non chegue aos seus destinatarios se non coñecemos quen leva a iniciativa. É unha mágoa que ese receo faga que nos botemos para atrás á hora de colaborar en ocasións tan necesarias como a presente.

Atendendo a esta situación, desde o Grupo Municipal de Via Alfoz consideramos que desde as administracións se deberían xestionar canles fiables de solidariedade para poder ser usadas pola veciñanza.

É por iso, que o Grupo Municipal de Via Alfoz propón ao Pleno que se tome os seguintes

ACORDOS:

1. Establecer, no seno do concello de Alfoz, unha postura en contra da invasión rusa en Ucraína.
2. Poñer en marcha un mecanismo oficial para que a veciñanza poida canalizar o envío de víveres, medicamentos e/ou diñeiro aos refuxiados desta guerra.

3. Xestionar a acollida de refuxiados nas vivendas de titularidade municipal.
4. Dar publicidade, asesorar e xestionar a acollida de refuxiados nas casas que a veciñanza queira poñer a disposición de familias ucráínas no noso concello.
5. Asesorar e xestionar a estancia de persoas refuxiadas nos domicilios con familias do concello.
6. Apoiar as iniciativas tanto de particulares, como de colectivos e ONG's relativas ao envío de axudas e á acollida de refuxiados, poñendo á súa disposición os medios dos que dispoña o concello.

En Alfoz, a 22 de marzo de 2022



Asdo. Efigenia Maseda Paz
Voceira do Grupo Municipal de VIA Alfoz

Alcalde - Presidente do Concello de Alfoz